



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

DIEGO FERNÁNDEZ NOGUEIRA, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

Segundo a resposta recibida desta Deputación en relación a nosa solicitude de información do 12 de maio de 2020, conclúese o seguinte:

Antecedentes:

- Entre agosto do 2016 e decembro do 2019 prestaron o servizo de mantemento no bombeo de Razamonde San Trocado, as empresas Aquaourense e Geseco.
- Durante ese período, o custe anual do “Mantemento Preventivo e Conservación, foi de 2.900€/ano.
- Que o “Mantemento Preventivo e Conservación” abrangue o seguinte:
 - “Traballos a realizar na ETAP, o bombeo e os depósitos de Razamonde e San Trocado, valvulería da rede, etc. Trátase do mantemento preventivo ou de conservación en óptimo funcionamento de todos e cada un dos elementos da instalación”
- Que no “Proxecto de Explotación e Mantemento” contemplase unha periodicidade bianual para a limpeza dos depósitos da ETAP (auga decantada e tratada), depósito de Razamonde e depósito San Trocado.
- Que no período 2018/2019 a empresa privada GESECO, procedeu a limpeza e desinfección semestral dos depósitos da ETAP e San Trocado, e a limpeza e desinfección anual do depósito de Razamonde.
- Que a nova proposta económica e retribución para a asistencia técnica do bombeo Razamonde/San Trocado figura a maiores dos 2.900€ un importe de 1.400€ anuais pola limpeza e desinfección bianual dos depósitos.

Polo exposto, **SOLICITAMOS**, as pertinentes explicacións técnicas e económicas que xustifiquen un incremento económico do 48% na partida de “Mantemento Preventivo e Conservación”.

En Ourense, a 26 de xuño de 2020

Asinado: Diego Fernández Nogueira



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE